

O Servizo de Emerxencias municipal leva retirados 363 niños de avespas velutinas

## Os campos de Montrove, Os Regos e Iñas xa teñen céspede artificial

Páxina 16



Concello de  Oleiros

O Concello adquirirá unha finca no Xunqueiro para instalacións deportivas

Páxina 5

# Vivir en Oleiros

Número 53  
Outubro 2016  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

As vivendas de promoción pública atópanse nos mellores lugares do municipio



A rúa Habitat terá saída cara A Pasaxe

Páxina 4

Finalizan as obras no Torreón Bescansa

Páxina 5

## Un luxo ao alcance de todos

■ Por fin remataron as obras de construción das vivendas de protección para os veciños e veciñas de Oleiros. A parcela foi vendida polo Concello aos cooperativistas e está ubicada a caron do hotel Portocobo, en Santa Cruz. A crise e a negación dos bancos a facilitar créditos dificultaron a súa construción nos prazos previstos. A política do Concello é que as vivendas de promoción pública estean situadas nos lugares máis emblemáticos das urbanizacións, non desmerecendo nada das de promoción privada.

Continúa a recuperación da Finca Tenreiro

Páxina 11

## A XXVII Feira do Mel celébrase o domingo 6 de novembro

As inmediacións do Mercado Municipal de Perillo acollerán unha ano máis esta cita cun produto que, tal é como di o lema desta edición, é *Tan doce que engaiola!*. Máis de 30 postos de venda e exposición, diversas actuacións musicais e numerosas actividades para todo tipo de públicos forman o programa da XXVII Feira do Mel.

Páxina 19

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Estamos invadidos

Hai anos iniciamos en solitario a guerra contra os plumachos, unha peste medioambiental de dimensións incalculables. Grupos políticos, colectivos ecoloxistas e medios de comunicación preferiron mirar cara a outro lado, mentres a planta da pampa argentina avanzaba sen descanso eliminando a vexetación propia da nosa terra. A situación estase a agravar moito nestas últimas semanas debido á forte expansión dos plumachos polo que seguiremos combatendo, con máis forza se cabe, esta terrible invasión.

Alternativa dos Veciños está a desenvolver un traballo constante desde o grupo provincial para que se trate este problema de xeito conxunto en toda Galicia. De pouco serve que Oleiros elimine a planta se desde os concellos limítrofes se contamina o noso territorio. O deputado provincial,

como se dun martelo pilón se tratase, está a machucar continuamente os dirixentes provinciais con diferentes mocións e propostas para deter esta epidemia medioambiental.

Desde o Goberno municipal de Oleiros tamén redobramos esforzos para frear o avance desta praga. Malia a dificultade da tarefa, realizamos un grande esforzo para conservar limpos os numerosos terreos de propiedade municipal. Igualmente estamos a incrementar a presión sobre os que non conservan as súas fincas libres de plumachos con propostas de sancións máis elevadas. E como non, seguimos a divulgar este problema a través de numerosas campañas de concienciación entre a poboación.

Por sorte, despois de todos estes anos de loita en solitario, vemos como se están a tomar algunhas

medidas, que aínda que chegan tarde non deixen de ser importantes. Autopistas do Atlántico, responsable da introdución desta peste na nosa terra, eliminou recentemente todos os plumachos que había nas medianas da AP-9. O Ministerio de Fomento, ante a posible denuncia por contaminación medioambiental do territorio formulada publicamente por Alternativa dos Veciños, tamén está realizando tarefas de limpeza nas estradas da súa titularidade.

Por desgraza, tal e como recollía algún medio recentemente, aínda quedan políticos que consideran este gravísimo problema unha "tontería". Un razoamento que deben compartir algúns colectivos ecoloxistas, máis preocupados por defender de xeito enmascarado ás grandes multinacionais que de loitar contra problemas medioambientais tan palpables como este.

Mais fronte á ignorancia deses poucos, que por desgraza son os que nos gobernan, temos a responsabilidade de non abandonar esta batalla. Cidadáns e administracións públicas temos a obriga de actuar de maneira efectiva. A vitoria final é cousa de todos.

**Queremos aproveitar para convidaros a todas e a todos á nosa cea anual que terá lugar no Mesón de Pastoriza o sábado 3 de decembro. No transcurso desta, o alcalde de Oleiros e presidente de Alternativa dos Veciños, Ángel García Seoane, informará sobre a xestión desenvolvida durante 2016 e os retos e proxectos que se presentan para o seguinte ano. A velada estará amenizada pola música dunha orquestra. As entradas xa están dispoñibles, a un prezo de 29 euros, nos puntos habituais de venda das diferentes localidades.**



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## Moitas grazas aos oleirenses

Dende o Partido Popular de Oleiros queremos amosar o noso agradecemento a todos os oleirenses que o pasado día 25 de setembro nos apoiastes nas eleccións autonómicas, converténdonos no partido máis votado no noso municipio. Grazas pola vosa confianza.

Por outra banda, queremos resaltar a nosa grata sorpresa e satisfacción por ver como o equipo de Goberno municipal atende as nosas peticións e realiza as obras que dende o noso grupo se levan solicitando dende hai meses.

Referímonos en concreto á boa nova de ver os campos de fútbol municipais con herba artificial, tras moitos anos nos que os nosos nenos tiveron que xogar en areas en pésimas condicións. Grazas á insistencia das directivas dos clubs de fútbol, dos xogadores e pais que os integran, e tamén, do empeño do Partido Popular de Oleiros, conseguimos entre todos que a herba artificial sexa unha realidade.

Pero o Goberno Municipal nunca pode facer as cousas ben á primeira

e esta vez non ía a ser unha excepción.... Desde o Partido Popular, como xa fixemos nalgún dos últimos plenos, solicitámoslle ao Goberno municipal que realice canto antes as melloras necesarias na iluminación destes campos, dado que tal como se encontran nestes momentos non é posible xogar cando cae a noite por mor da escasa iluminación. O noso grupo avisou no seu momento de que non solucionar os problemas da iluminación a par da mellora nos terreos de xogo era un erro, dado

que agora o custo será maior, podendo incluso motivar que os equipos se teñan que volver desprazar de campo...

O Goberno municipal non sabe levar a cabo unha xestión boa dos recursos e as obras, ou ben quedan a medias, ou ben non se fan, pero nunca se completan adecuadamente á primeira, sempre hai gastos innecesarios a maiores e máis custo para as arcas do Concello, os prexudicados coma sempre os veciños.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Nun exercicio de coherencia, os socialistas de Oleiros negámonos a ocupar estas liñas durante máis dun ano como protesta ante a actitude caciquil, discriminatoria e sectaria do goberno de Alternativa dos Veciños, que vetou aos grupos

da oposición o acceso á radio municipal e en xeral a todos os medios de comunicación dos que dispón, ademais de entorpecer e dificultar o máximo posible o noso labor de oposición. A nosa postura foi sempre a de negarnos a participar nesta

farsa, e esixir que os fondos que se destinan á máis tosca propaganda, como esta revista, como os paneis informativos, e como determinadas publicacións, sexan investidos no benestar da xente do noso municipio, e que os impostos que con tanto

esfuerzo pagamos a este municipio sirvan efectivamente para cubrir as nosas necesidades, e non para dar publicidade a un goberno cuxa única intención é perpetuarse, aínda máis, no poder. Sabemos que non será fácil pero seguiremos na loita.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Construíndo cada día un tempo novo

As eleccións do pasado 25 de setembro deixan para o BNG de Oleiros un sabor agrado: os 1.203 votos obtidos, fronte aos 1.167 de hai 4 anos, os 966 das municipais de hai un ano ou, xa non digamos, os 377 das eleccións xerais de xuño, supoñen azos e enerxías novas para seguirmos traballando por un tempo novo para Oleiros e para Galiza. Porén, esa mellora

non desdubuxa nin distrae a ampla vitoria do Partido Popular: para nós, unha mala noticia para as maiorías sociais do país e, singularmente, para o pobo de Oleiros. Durante a campaña electoral o BNG tirou de memoria e lembrou que o noso municipio en nada se beneficiou dos gobernos de Núñez Feijóo; ao contrario, hai exemplos concretos en todas as parroquias de como

a súa suposta "boa xestión" foi, en realidade, un auténtico negocio ruinoso para Oleiros. Nada fai pensar, por desgraza, que vaia deixar de ser así. Oxalá nos enganemos. Non temos dúbida de que o "efecto Ana Pontón" acabou chegando tamén aquí. Mais a esa recuperación de apoios do nacionalismo de esquerdas haille que dar agora unha utilidade: o BNG pon o seu grupo

parlamentario a disposición de todo o pobo de Oleiros para traballar, desde o minuto cero, en todas aquelas cuestións que sirvan para mellorar a nosa calidade de vida: en vivenda, en mobilidade, en medio ambiente, nos portos e na pesca, no ensino ou na sanidade. Desde as rúas e coa xente seguiremos a traballar polo tempo novo que Oleiros e Galiza merecen.

# EDITORIAL

## • Área metropolitana: un proceso imparable

◆ A creación da área metropolitana está máis preto que nunca. Despois dunha longa espera de anos e anos, conseguiuase que A Coruña se integrase cos concellos da comarca para asumir unha serie de servizos básicos de xeito conxunto. Oleiros, Cambre, Carral, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo e Abegondo levabamos varias legislaturas agardando a que a cidade dese ese paso tan importante para todos.

A entrada da Coruña prodúcese ademais no momento máis oportuno. O desmantelamento por imperativo legal do Consorcio das Mariñas, que tan ben funcionou desde a súa creación para beneficio dos veciños e veciñas, obrigaba a formar un novo ente. A Mancomunidade ía relevar o Consorcio, aínda que a saída de Arteixo e a ausencia da Coruña auguraba un futuro incerto ao proceso. Grazas á aparición da cidade e á conseguinte creación da área metropolitana poderase formar un organismo con moitas máis posibilidades que a Mancomunidade.

Mais cando todo parecía ir polo bo camiño, e mesmo Arteixo abandonaba a súa postura rupturista, entrou en escena o Capitán Araña do PP na provincia da Coruña para bombardear a operación. Diego Calvo, ese mesmo que durante os catro anos que presidiu a Deputación se dedicou a boicotear o Concello de Oleiros, ordenou aos municipios gobernados polo seu partido retirarse do proceso. Empuxado pola voceira dos populares no Concello da Coruña, Rosa Gallego, o Capitán e a súa compañeira de aventuras deixaban patente o seu obxectivo de destruír o Goberno municipal da cidade a calquera prezo.

A decisión de Diego Calvo tamén deixa en evidencia os alcaldes de Arteixo, Abegondo e Carral. Calvelo, Santiso e Mouriño manifestaron inicialmente a súa enorme satisfacción pola creación da área metropolitana. O propio alcalde de Arteixo, coa entrada da Coruña, anunciaba que renunciaba ao seu plan de abandonar os concellos da comarca. Tan só dous días despois, os tres rexedores desdiciáanse con argumentos carentes de sentido. Tal é así que, por exemplo, o alcalde de

Arteixo pasou a defender a creación da mancomunidade, na que se negara a participar anteriormente.

A manobra política do Partido Popular, malia a súa marcada tintura partidista, non ten ningún percorrido. Arteixo está condenado a entenderse coa Coruña. Abegondo e Carral, dado ao seu tamaño, tampouco terían moita viabilidade en solitario. En calquera caso, con eles ou sen eles, a presenza da cidade garante que o proceso de creación da área metropolitana sexa imparable.

E é máis, o Goberno da Xunta obrigou a poñela en funcionamento en Vigo. No caso da Coruña non cabe agardar ningún comportamento distinto. O propio presidente galego impulsou fusionés municipais como a de Oza e Cesuras e a máis recente de Cotobade e Cerdedo, polo que Núñez Feijóo non debería caer nas mesmas incoherencias dos seus compañeiros de formación.

O benestar e a calidade de vida da cidadanía está en xogo. A área metropolitana permitirá ofrecer mellores servizos a un menor custo. A recollida do lixo, o abastecemento de auga ou a rede de saneamento aínda poden optimizarse a un prezo máis baixo do actual.

O novo organismo tamén terá capacidade para poñer fin a problemas moi concretos da comarca, como o das infraestruturas viarias ou o do transporte público. A lei contempla a dotación de fondos para a área metropolitana que poderían destinarse a mellorar todas esas estradas que o Ministerio de Fomento e a Consellería de Infraestruturas teñen abandonadas. Igualmente, as deficiencias do transporte público, que ata o de agora non preocuparon a ningún dos distintos gobernos autonómicos, poderían desaparecer coa creación dun servizo de autobuses comarcal de calidade.

A maquinaria xa está en marcha. Converter en realidade todas esas aspiracións nun futuro próximo é posible. No prazo dun ano, o Parlamento galego deberá aprobar a Lei de constitución da área metropolitana da Coruña. A partir dese momento poderemos comezar a mudar moitas cousas da nosa comarca en beneficio de todos e todas.



**O que non  
queremos na nosa  
propiedade, non o  
fagamos no público**

**RECÓLLEO!**



## A rúa Hábitat pasará a estar conectada coa saída cara á ponte da Pasaxe ▶

◆ Comezaron os traballos de urbanización no contorno do Hábitat, en Perillo. O proxecto contempla a construción dun edificio que contará con dúas plantas e baixo. Así mesmo, eliminarase o actual bombeo que utilizaban as vivendas desta zona, crearanse novos espazos verdes que chegarán ata o paseo da ría e a rúa Hábitat contará cunha nova saída cara ao ramal que vai para a ponte da Pasaxe. O Concello percibirá 72.437 euros en concepto do 10% do aproveitamento urbanístico que lle corresponde. As obras culminan un longo proceso de máis de 20 anos.



## A construción do muro de contención do parque da Liberdade xa está en marcha



◆ O parque da Liberdade de Nós pasará a contar cun muro de pedra que porá coto aos desprendementos de terra que se viñan rexistrando sobre a beirarrúa. Esta actuación era imprescindible para evitar posibles danos maiores nun futuro próximo.

## A renovación da rede de augas en Oleiros e Montrove supera os 300.000 euros ▼



◆ Nos próximos días comezarán as obras de mellora dos colectores xerais da rede de abastecemento de auga na rúa do Pazo, en Oleiros, e na Choupana en Montrove. As obras contratáronse recentemente por 315.900 euros.

## A Casa da República atópase case lista para reabrir as súas portas



◆ Os traballos de remodelación da Casa da República, en Oleiros, avanza a bo ritmo e finalizarán nas próximas semanas. Coa reforma realizada, a planta baixa terá unha sala común, tres despachos e un almacén. O andar superior será diáfano e contará cun almacén. Esta nova distribución está pensada para un mellor aproveitamento do espazo por parte dos numerosos veciños e veciñas que lle dan uso a esta instalación pública.

## O pavimento da avenida Rosalía de Castro e da rúa Isaac Díaz Pardo será reparado



◆ A Consellería de Infraestruturas realizará nos vindeiros meses dúas obras que, durante os últimos anos, foran demandadas en repetidas ocasións por parte do Goberno local. Na avenida Rosalía de Castro, desde o Lucín ata a ponte da Pasaxe, asfaltarase o pavimento de toda a estrada e o Concello renovará parte dos servizos das redes de abastecemento de augas e de saneamento. Na rúa Isaac Díaz Pardo, tamén de titularidade autonómica, está prevista a reparación total do firme, desde Coruxo ata As Pedreiras.

## O Goberno local ultima a adquisición dos terreos da urbanización O Xunqueiro destinados a equipamentos deportivos ▶

◆ O Concello de Oleiros está a adquirir a través de permuta os terreos que o plan parcial da urbanización O Xunqueiro ten destinados a equipamentos deportivos. A parcela, por ser dunha urbanización anterior á etapa democrática, non fora cedida ao Concello tal e como esixe a normativa urbanística. Nestes momentos, o Goberno municipal está a estudar os servizos que se poderían implantar neste fermoso lugar.



■ A parcela ten unha extensión de 4.975 metros cadrados

## Rematan as obras no Torreón Bescansa ▼



◆ Finalizaron as tarefas de rehabilitación do Torreón Bescansa. Este edificio público, ten un espazo útil total de 90 metros cadrados, divididos en tres andares. O Goberno municipal está a estudar os posibles usos que podería ter este inmovible, situado nunha zona privilexiada, no paseo da ría da Pasaxe.

## Novas melloras para os campos de fútbol municipais



◆ O Concello de Oleiros pretende incluír no plan de melloras de instalacións deportivas da Deputación provincial as obras de construción de grandes cubertas nos campos de Iñás e no Leonardo Maceira, situado nos Regos. Ambos os recintos foron dotados recentemente de céspede artificial, e deste xeito quedarían renovados por completo.

## Comezan os trámites para construír as beirarrúas na zona do Couto, en Lorbé ▶

◆ O Concello de Oleiros iniciou as conversas coas persoas propietarias da zona do Couto, en Lorbé, para realizar as correspondentes cesións de terreo e poder construír as beirarrúas na marxe dereita da AC-163, entre Casa Méndez e o linde con Sada. Unha técnica municipal está a visitar os veciños e veciñas para explicarlles o proxecto e tramitar as cesións do solo necesario para levar adiante esta obra.

Unha vez que o Concello de Oleiros consiga as correspondentes cesións de terreo por parte das persoas propietarias, entregaráselle á Xunta de Galicia, que é a administración que ten a titularidade desta estrada e, por tanto, a que debe realizar esta obra. Ata o momento, igual que sucede noutras localidades do municipio, a colaboración da veciñanza é total.



## O Servizo de Emerxencias trasladarase ao polígono de Iñás

◆ O Servizo de Emerxencias e Protección Civil do Concello de Oleiros pasará a estar situado no polígono de Iñás, a partir dos primeiros meses de 2017. Nos últimos anos realizáronse importantes investimentos neste servizo público, fundamental para garantir a seguridade cidadá. Ante o notable incremento de vehículos e demais medios técnicos, o actual recinto da avenida Rosalía de Castro resultaba insuficiente. A nova localización tamén permite uns tempos de resposta menores ao dispoñer de mellores conexións viarias para desprazarse ás diferentes localidades do municipio.



■ Reunión coas entidades o pasado ano

## As entidades veciñais participan na elaboración dos orzamentos municipais

◆ As entidades veciñais do Concello de Oleiros están a participar na elaboración dos orzamentos municipais para o vindeiro ano. Os colectivos enviaron nestes días as súas propostas coas necesidades detectadas nos seus ámbitos co fin de ser estudadas por parte do Goberno local para incorporalas a uns orzamentos que estarán centrados no mantemento e na mellora da calidade de vida.

A xestión rigorosa e eficaz que está levando a cabo o Goberno municipal, en canto aos ingresos e gastos, fai posible que o Concello de Oleiros poida seguir mantendo e mellorando a calidade dos servizos e equipamentos municipais, así como potenciando a promoción da cultura, a educación, o deporte, as actividades sociais..., aínda dentro da política de austeridade imposta desde o Goberno central.

# Elimina os plumachos

# SON UNHA PESTE



# Acométense novas demolicións de vivendas en ruínas no centro de Oleiros e en Perillo ▼

◆ No municipio existen casos de vivendas moi deterioradas e en estado ruinoso, que supoñen serios riscos para os viandantes, unha importante degradación paisaxística das rúas e que ademais ocasionan problemas hixiénicos. Naquelas situacións máis graves, o Concello requírelle aos respectivos propietarios a demolición deste tipo de edificios. Cando os propietarios fan caso omiso das notificacións, o propio Concello leva adiante o derrubamento pasándolle o custo dos traballos aos donos das edificacións.



■ Estanse realizando tres novos derrubamentos no centro de Oleiros, na avenida Francisca Herrera. A diferenza entre o antes e o despois das demolicións amosa claramente a necesidade deste tipo de actuacións



■ Na rúa Ribeira, en Perillo, demoleuse recentemente outra vivenda que se atopaba nun estado calamitoso

## Parte das casas de Coruxo catalogadas pola Xunta como protexidas poderán ser reformadas ou derrubadas ▼

◆ Ante a negativa da área de Patrimonio da Xunta de Galicia de desclasificar diversas construcións na zona de Coruxo, en Liáns, o Goberno municipal iniciou os trámites para realizar unha modificación do Plan xeral de ordenación municipal e que a Xunta de Galicia desclasifique estas edificacións. Cando rematen os trámites, os propietarios das casas afectadas poderán reformalas ou proceder á súa demolición, nos casos nos que se atopen en ruínas. O Concello, a petición dos donos das vivendas, xa solicitara con anterioridade á Xunta de Galicia que desclasificase as construcións xa que non teñen valor arquitectónico e o seu estado degrada notablemente os contornos dos lugares onde se atopan.



# As beiras de catro ríos do municipio serán limpadas para evitar asolagamentos ▼

◆ Debido ás continuas demandas realizadas por parte do Goberno municipal sobre a necesidade de limpar as beiras dos ríos que transcorren polo municipio, Augas de Galicia está a realizar tarefas de limpeza no río da Loba, no río do Couto, no río do Seixo e no río de Bastiaqueiro. Con estas actuacións preténdese evitar posibles asolagamentos ante episodios de chuvia moi intensos, como os do inverno pasado.

Moitas das beiras e das canles destes ríos atópanse cheos de ramas, con árbores caídas e todo tipo de maleza que poden chegar a orixinar problemas para a circulación da auga. Os traballos realízanse na zona de servidume, que comprende 5 metros, ao longo de máis de 3.600 metros dos leitos dos ríos.

*O estado no que se atopan as beiras dalgúns ríos fai urxente a súa limpeza*



■ Río da Loba: 920 metros

■ Río do Seixo: 450 metros

■ Río do Couto: 375 metros

■ Río de Bastiaqueiro: 1.900 metros

## Delincuentes medioambientais atacan as árbores plantadas polo alumnado do colexio de Canide e da escola das Galeras

■ *Empregaron un machete para cortar os castiñeiros*

◆ Un total de 15 castiñeiros plantados recentemente no parque das Galeras foron atacados por un terrorista ecolóxico, nun novo acto contra o patrimonio natural dos veciños de Oleiros. Dáse a casualidade que este atentado ecolóxico prodúcese ao mesmo tempo que remata a construción de dúas novas vivendas na rúa Máximo Gómez, xusto en fronte da zona verde onde se atopan os castiñeiros asasinados.

No caso do parque público de Canide, a única árbore da zona que non fora atacada apareceu co tronco roto á altura na que remataba o titor que a endereitaba e garantía o seu axeitado crecemento. Un grupo de escolares do Colexio Luis Seoane plantaron en maio varios castiñeiros nesta zona, entre os que estaba a árbore atacada.



■ Conxunto de árbores atacadas no parque das Galeras



■ O Concello de Oleiros plantou neste espazo público, situado nas inmediacións da cala do Portelo, cinco palmeiras que se atopaban en Breixo e que tiveron que ser trasladadas polas obras de construción do carril bici que conectará Arillo e Mera



# O Concello leva retirados neste ano 363 niños de avespas asiáticas

■ A Xunta segue sen asumir as súas competencias ante este grave problema



■ Operarios municipais retiran un niño ubicado nunha árbore

◆ A loita do Goberno municipal para erradicar a avespas velutina avanza sen descanso. O Concello de Oleiros leva retirados no que vai de ano 363 niños desta especie invasora. Nestes momentos, estanse a eliminar entre 3 e 4 niños ao día no municipio, o que implica un importante esforzo para o Servizo de Emerxencias e Protección Civil.

A expansión desta especie invasora, ademais de supoñer un grave risco para as persoas, está a causar importantes estragos na flora e na fauna galega. A Xunta de Galicia, a través da empresa TRAGSA, debería asumir as súas competencias e realizar a retirada de niños, pero polo momento o organismo autonómico non está a responder de xeito eficaz ante este importante problema.

Debido á gravidade do asunto, o Concello de Oleiros está a realizar a retirada dos niños que se van detectando no municipio. Estes traballos supoñen un importante gasto económico para as arcas municipais. Só en insecticidas estanse a gastar unha media de 500 euros cada dúas semanas. A esa cantidade hai que engadirlle o pagamento de horas extras ao persoal municipal –os niños hai que quitarlos polas noites–, compra de traxes especiais, pértegas e demais elementos precisos.

No caso daqueles niños que se atopan a máis de 20 metros de altura, os medios cos que conta o Concello non son válidos e os períodos de resposta da Xunta son excesivamente longos. O Consorcio Provincial de Bombeiros tampouco está a realizar estas tarefas e tan só o Concello da Coruña, cun camión de bombeiros, ten colaborado co Concello de Oleiros na retirada deses niños.

## Unha brigada realiza tarefas de limpeza de plumachos nos terreos de propiedade municipal

◆ O Concello de Oleiros continúa coa campaña de loita contra a cortaderia selloana, coñecida popularmente como plumacho. Actualmente un equipo realiza a retirada manual da herba da pampa nas vías e camiños municipais, así como nas parcelas e fincas de titularidade da administración local. Nos períodos nos que a climatoloxía o permite, séguese a aplicar puntualmente herbicidas sobre os pés desta planta invasora.

Ademais, son numerosos os requirimentos enviados aos particulares que teñen as súas fincas invadidas da herba da pampa. Naqueles casos nos que se fai caso omiso das peticións municipais as multas poden chegar ata os 10.000 euros.

■ Nalgúns lugares, como na lagoa de Mera, as tarefas de eliminación dos plumachos complícanse. Neste caso, a proximidade da masa de auga impide utilizar herbicidas



# Milleiros de visitantes abarrotan Oleiros durante os meses de verán

■ Os puntos municipais de atención aos turistas bateron todos os rexistros previos



■ A Aula do Mar de Mera e a oficina de turismo de Santa Cristina continuarán abertas durante os vindeiros meses

◆ O atractivo turístico de Oleiros non pasa desapercibido para ninguén. Un ano máis, o municipio consolídase como un dos destinos de referencia en Galicia grazas á calidade dos servizos, á ordenación do territorio, ás múltiples propostas culturais e de ocio que existen e ao nivel e variedade da oferta hostaleira que existe en todo o territorio municipal.

Tanto a oficina de turismo de Santa Cristina como a Aula do Mar de Mera recibiron miles de persoas durante todo o verán. Os datos recadados poñen de manifesto o forte incremento de visitantes procedentes doutras partes de Galicia, así como casteláns, asturianos, vascos e cataláns. No caso dos turistas estranxeiros, a maioría proceden de Francia, Inglaterra e Portugal.

## A xustiza dálle a razón ao Concello no caso da empresa ilegal de paddle surf de Mera

■ O xulgado do Contencioso-Administrativo ditou o pasado 21 de setembro unha sentenza na que ratifica a multa de 3.500 euros imposta a Mera Sup Escola, por realizar a actividade de paddle surf na praia de Mera sen licenza municipal. O aluguer de táboas e o monitorado estaba a facerse con ánimo de lucro e en clara competencia coa empresa beneficiaria da concesión municipal, á que se presentara previamente o representante deste suposto club que realmente desenvolve unha actividade mercantil.

◆ A sentenza, que non admite recurso e impón as costas do proceso ao infractor, considera relevante o feito de que Mera Sup Escola participase nunha licitación, e que logo de perdela artellara un sistema irregular amparándose nunha licenza de saída ao mar de Portos de Galicia que non o faculta para realizar unha actividade de paddle surf na praia de Mera e na que ademais existe ánimo de lucro.

O Concello de Oleiros ten as competencias en materia de seguridade nos espazos públicos, o que permite que o Goberno local poida determinar un reparto axeitado dos distintos lugares. O uso xeral por parte da cidadanía está por riba do que pretenden explotar un espazo que é de todos en beneficio propio, realizando diferentes artificios para camuflar os seus ingresos.

## A recadación polo servizo da ORA ascende a 180.000 euros

■ Estes ingresos axudan a paliar os importantes gastos extraordinarios que carreen as praias e demais servizos que teñen que reforzarse durante o verán

◆ As arcas municipais ingresaron este verán 180.000 euros grazas ao servizo de regulación de aparcamentos existente nas localidades de Santa Cristina, Santa Cruz e Mera, así como nos aparcamentos situados nas inmediacións de Bastiagueiro. Os meses de xullo e agosto son os que presentan unha maior recadación, moi preto de 63.000 euros en ambos casos. No mes de xuño ingresáronse máis de 26.000 euros e na primeira quincena de setembro 13.000. Ademais, cobráronse outros 15.000 euros en multas e anulacións de denuncias.

Un ano máis cumpriuse co obxectivo de garantir a rotación de vehículos e impedir que os mellores estacionamentos queden copados todo o día polos mesmos coches. Con este sistema, beneficiáase aos veciños e veciñas que dispoñen de aparcamentos para facer as súas xestións nas fronteiras marítimas das localidades de Mera, Santa Cruz e Perillo. Tamén supón unha axuda moi importante para os locais de hostalería destas zonas que ven como os seus clientes dispoñen de prazas libres para deixar os seus automóviles.

O servizo da ORA estivo vixente entre o 1 de xuño e o 15 de setembro, en horario de 12:00 a 20:00 horas.

# Continúa a recuperación da Finca Tenreiro co segundo Obradoiro de Emprego ▼

◆ Un total de 26 persoas en situación de desemprego están a desenvolver diversos traballos de acondicionamento na finca Tenreiro, dentro do obradoiro de emprego que subvenciona a Consellería de Economía, Emprego e Industria con 179.134,20 euros. O proxecto rematará a finais de febreiro e ata esa data levaranse a cabo importantes avances tanto na rehabilitación das construcións como nos xardíns cos que conta esta espectacular propiedade municipal.

Este obradoiro de emprego conta con 6 mestres que dirixen os 20 alumnos e alumnas que están a recibir a formación necesaria para especializarse en carpintería e albanelaría. A remuneración mensual que perciben as persoas que están aprendendo é de 648,56 euros, unha cantidade que se ve incrementada no caso do profesorado e da dirección do curso.



■ As persoas que aprenden viveirismo e xardinería no Centro Municipal de Formación da Carballeira realizan as súas prácticas nesta propiedade municipal



■ O alumnado do obradoiro está realizando traballos de rehabilitación no interior das edificacións

## Máis de dous millóns para a limpeza viaria do municipio

◆ A mediados do mes de novembro quedará adjudicado por máis de 2 millóns de euros o contrato de limpeza viaria do denominado lote 1, que cubre unha parte moi importante do municipio. O Goberno local decidiu non prorrogarlle o contrato á empresa que realizaba este servizo debido ás deficiencias coas que estaba a realizar as tarefas asignadas.

O novo contrato terá unha duración de 4 anos, con posibilidade de ampliálo outros dous máis. O documento contempla a ampliación das zonas de limpeza en todas as localidades. A frecuencia dos traballos tamén se verá incrementada.

## As familias en risco de exclusión non terán que pagar a taxa de sumidoiro

◆ O Goberno municipal aprobará no vindeiro pleno a modificación da ordenanza fiscal que regula a taxa de sumidoiro. Con esta medida, o Concello de Oleiros pretende garantir que as familias con problemas económicos graves poidan acceder a un servizo público básico. Tamén haberá unha bonificación do 50% para as vivendas habituais das familias numerosas.

**Milleiros de persoas perden a vida cada día no Mediterráneo**

**Gobernos terroristas de occidente, CULPABLES**



# O tramo entre O Seixal e a ponte da Pasaxe é o que ten máis tráfico de Galicia

## ■ Na ponte conflúen a N-VI, a estrada de Santa Cruz e a de Montrove

◆ As tres vías máis importantes do municipio conflúen neste lugar. Cada día, milleiros de vehículos padecen longas colas que colapsan a localidade de Perillo cara a Santa Cruz e cara ao cruzamento de Beiramar e Agramar. A ex-ministra de Fomento e actual presidenta do Congreso dos Deputados, Ana Pastor, anunciou a ampliación da ponte con motivo das pasadas eleccións municipais e xerais. Case dous anos despois, a cidadanía segue agardando a que se contraten as obras.



■ Proxecto de ampliación proposto polo Concello de Oleiros ao Ministerio de Fomento no ano 2007

## ● A intersección de Beiramar e Agramar

◆ Desde 2006 o Goberno central contratou dous proxectos para o cruzamento de Sol y Mar que nunca chegaron a executarse. A obra pasaba pola creación dun paso soterrado para os vehículos que circulan dirección Madrid ou A Coruña e unhas vías de servizo cunha rotonda en superficie para os veciños e veciñas da zona e para as persoas usuarias da estrada que vai cara a Oleiros e Sada. Ao problema dos atascos, hai que engadirle a imposibilidade de facer un cambio de sentido para os coches que viaxan dirección A Coruña e queren cruzar cara a Agramar ou Beiramar.



■ Unha media de 72.000 vehículos pasan a diario por este lugar

## Os constantes perigos da N-VI ►

◆ O Concello de Oleiros leva anos esixindo diversas melloras para a N-VI. O Goberno central, lonxe de atender esas demandas, limitase a realizar falsos anuncios propagandísticos dos que nada se volve saber unha vez que rematan as campañas electorais. Mentres noutras latitudes o Ministerio de Fomento inviste miles de millóns en obras de menor urxencia, o tramo da estrada con máis tráfico de Galicia atópase completamente abandonado. Nas próximas semanas terá lugar unha asemblea veciñal en Perillo para artellar unha gran protesta coa que se pretende evidenciar, unha vez máis, a necesidade de realizar as obras que precisa a N-VI para desconxestionar o tráfico de vehículos e garantir a seguridade das persoas.



## ● Desde a ponte da Pasaxe ata a urbanización O Graxal residen 4.240 persoas e hai 117 empresas comerciais

◆ Nun tramo de dous quilómetros, nunha zona totalmente consolidada, urbana e comercial, só existe un paso de peóns. Desde a ponte da Pasaxe ata O Seixal, o paso de peóns de Sol y Mar é o único lugar polo que se pode cruzar. Os veciños atópanse incomunicados e obrigados a arriscar as súas vidas e os comercios vense gravemente prexudicados por este illamento. O Goberno municipal demandou en repetidas ocasións ao Ministerio de Fomento un paso elevado para a zona do Seixo, pero polo momento non existe previsión algunha para a súa construción. Ademais, a situación é cada día máis grave. Desde hai dous meses, o conxunto de semáforos da intersección de Sol y Mar están a fallar unha media de 3 veces ao mes. Nalgunha das avarías teñen chegado a estar apagados durante 3 días. A pasividade do Ministerio de Fomento ante este asunto ten provocado situacións esperpénticas de caos entre os vehículos e de graves perigos para os viandantes. Os veciños e veciñas teñen que xogarse a vida continuamente.



◀ Único paso de peóns en 2 km.

## O Concello convocará os veciños e veciñas para analizar as medidas a adoptar ►

◆ Ante a gran indignación existente, está previsto realizar unha asemblea veciñal para determinar as posibles accións de protesta a levar cabo. Entre elas estaría unha gran mobilización, con corte de tráfico incluído, para que se poña de manifesto unha vez máis os riscos para as persoas e os problemas de tráfico nesta zona.



## O director do catastro de Ecuador visita o Concello para analizar o modelo de xestión de Oleiros ▼

◆ O director do Catastro de Ecuador, acompañado por tres investigadores de diferentes universidades ecuatorianas e polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela José María Tubío, estivo durante uns días no Concello de Oleiros estudando e coñecendo o funcionamento do Imposto sobre Bens Inmóveis. A expedición ecuatoriana coñeceu de primeira man os mecanismos técnicos, o importante peso que ten este tributo nos orzamentos municipais e as dificultades que carrega, nalgúns casos puntuais, o cobro deste tributo.

O alcalde, as dúas primeiras tenentes de alcalde e diversos técnicos municipais entrevistáronse co director do Catastro e o resto de persoas que o acompañaban para facilitarlle diversa información e amosarlle tanto as técnicas que requiren os procedementos empregados como outras cuestións importantes a ter en conta á hora de xestionar estes asuntos.

■ O encontro celebrouse na Casa do Concello a primeira semana de outubro



## A Xunta atenta contra a autonomía dos concellos en cooperación internacional ▼

### ■ O Goberno galego presenta un proxecto de decreto que limita as competencias municipais

◆ O Goberno municipal, que conquistou a comezos dos 90 as competencias que hoxe posúen todos os concellos do Estado para o desenvolvemento de políticas de cooperación internacional, está a impulsar desde o Fondo Galego de Cooperación unha alegación conxunta co resto de municipios e deputacións que participan neste organismo para frear o Decreto de cooperación exterior que o Goberno galego ten previsto aprobar. O texto vulnera o principio de autonomía local ao supeditar as decisións municipais en materia de cooperación a informes previos da Xunta de Galicia, o que supón un grave atentado contra a liberdade de acción dos concellos.

O Decreto tamén realiza un reparto inxusto de representantes no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento. Mentres que ao Fondo Galego se lle conceden dous representantes -aglutina a 86 administracións entre concellos e deputacións-, a Coordinadora Galega de ONGD terá cinco -suma 45 organizacións-. Na alegación presentada non se cuestiona a representación da coordinadora, pero si que se reclama un trato semellante.



## Un libro de poemas recollerá os versos escritos por Rafael ▼ Bárez desde o cárcere

◆ Rafael Bárez foi un destacado avogado laboralista, militante comunista e asesor de Comisións Obreiras. En marzo do ano 1972 foi detido tras participar na folga da Empresa Nacional Bazán. Moitos obreiros saíron á rúa para demandar melloras salariais e foron represaliados a tiros pola policía armada, que asasinou a dous deles. Durante os 9 meses que estivo preso escribiu un conxunto de poemas dedicados a compañeiros de prisión, a describir a vida no cárcere e a reflectir a angustia de atoparse privado de liberdade.

Eses versos pasarán a estar recollidos nun libro impulsado pola súa compañeira, Toya Fernández. Distinguidas personalidades como o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, o escritor Manuel Rivas ou o historiador José Gómez Alén tamén manifestaron o seu apoio para esta publicación.

Bárez tamén foi un estreito colaborador e asesor dos gobernos de Alternativa dos Veciños ata o seu falecemento, no ano 1996. Grazas a el, moitos dos proxectos que se desenvolveron neste municipio foron posibles. En recoñecemento a todo ese traballo, o Concello erixiu un busto na súa honra.

Para a publicación do poemario, Toya Fernández está a recibir a colaboración económica de moitos compañeiros. As persoas interesadas en axudar poden solicitar máis información no enderezo electrónico: [toyafdezflorez@outlook.es](mailto:toyafdezflorez@outlook.es).

◀ ■ Busto que honra a Rafael Bárez, no parque José Martí

# Por unha escolarización en igualdade



■ O Concello de Oleiros conta desde hai anos con diversas medidas para a inclusión social, un conxunto de axudas e servizos destinados a apoiar as familias que se atopan nunha situación de precariedade

## O Concello reparte 12.000 euros entre 155 nenos e nenas de familias con dificultades para o inicio do curso ▼

◆ As prestacións de apoio á escolarización son axudas económicas directas ás familias para axudarlles nos gastos extras que supón o inicio de cada curso escolar. Teñen un carácter complementario das subvencións que poidan recibir doutras administración e cobren desde libros e material escolar ata roupa, calzado, mochilas... A súa tramitación realízase durante o verán, para que cada familia poida contar antes de empezar o curso cos cartos.

## Destínanse 5.000 euros mensuais para os gastos de comedor dos menores en situación de vulnerabilidade ▼

◆ O Goberno municipal garante o acceso dos nenos e nenas de Oleiros ao servizo de comedor escolar coas prestacións de apoio ao comedor escolar. Grazas aos convenios asinados coas ANPA, que xestionan os comedores escolares nos centros públicos de ensino de Oleiros e que actúan como entidades colaboradoras, o Concello asume o 95% ou o 100% do gasto do comedor escolar daqueles menores de familias nunha situación de vulnerabilidade.

## A intelixencia emocional e a comunicación nas familias, a debate o 3 de novembro ▼

◆ O xoves 3 de novembro, ás 20:00 horas, o Auditorio da Fábrica acollerá a conferencia "*O poder das palabras: mellorando a comunicación no entorno familiar*". Nesta charla, a psicóloga Mar Sánchez, experta en comunicación e xestión emocional, reflexionará sobre a importancia da linguaxe no núcleo familiar, como conectar cos nosos fillos e fillas e previr conflitos, xerando seguridade e autoestima.

A intelixencia emocional é una parte do desenvolvemento e do crecemento das persoas. En moitas ocasións, as persoas non son conscientes dos efectos que teñen as palabras. A conferencia servirá para coñecer algo máis sobre como comunicarse mellor, dunha forma emocionalmente máis positiva. Nesta mesma charla presentárase un obradoiro máis completo sobre este tema, que estará composto por cinco sesións.

## A andaina do Consorcio das Mariñas contra a violencia de xénero sairá e rematará na Fábrica o 26 de novembro ▼

◆ A tradicional andaina contra a violencia de xénero que organiza o Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio das Mariñas terá lugar este ano o sábado 26 de novembro. A andaina partirá do centro cultural A Fábrica e dará a volta á ría do Burgo pasando polos concellos de Culleredo e Cambre, nun percorrido de preto de 8 km, que rematará outra vez na Fábrica, que acollerá o acto de clausura.

Esta andaina, que vai pola súa quinta edición, ten a vocación de ser unha manifestación do posicionamento de toda a poboación dos nove concellos que integran o Consorcio das Mariñas contra calquera forma de violencia, especialmente a de xénero, e da defensa da igualdade.

# Tres máis

■ Os equipos de fútbol do municipio non están de estrea, pero case. A tempada futbolística comeza con importantes renovacións nas instalacións municipais dos Regos, Montrove e Iñás. Estes tres campos xa dispoñen de céspede artificial e xunto ao Eugenio Pardo Conchado

■ Rematan as obras de instalación de céspede artificial nos campos de Montrove, Os Regos e Iñás

de Oleiros, que xa conta desde hai anos con esta superficie, ofrecen unhas instalacións deportivas inmejorables para a práctica do fútbol. Ademais, haberá outros dous campos completamente novos en Mera e Dorneda.



◆ O campo Leonardo Maceira García, situado na urbanización Os Regos, é utilizado preferentemente polo Santa Cruz C.F. e polo A.D. Cristo Rey. O pasado 17 de setembro realizouse un acto multitudinario para homenaxear a traxectoria de "Nardo" e poñerlle o seu nome á instalación.



O primeiro dos tres campos en entrar en funcionamento foi o de Montrove. O Atlético Perillo e o Unión Campestre C.F. son os equipos que xogarán habitualmente neste terreo de xogo.



O campo de Iñás, ademais da instalación do céspede artificial, está sendo obxecto doutra serie de traballos. Os vestiarios, a iluminación, o peche do recinto e o camiño de acceso ao campo tamén están a ser mellorados de xeito paralelo. As obras finalizarán nas vindeiras semanas.

## José Manuel Sánchez remata quinto no Mundial de piragüismo ▶

◆ O gran campión oleirense de piragüismo, José Manuel Sánchez, obtivo a quinta posición na súa recente participación no Campionato do Mundo de Piragüismo celebrado na cidade alemá de Brandemburgo. Sánchez competiu na maratón, na modalidade de C-2 xunto co canoísta Tono Campos, e completou unha extraordinaria regata. Aínda que non puido sumar unha nova medalla ao seu excelente palmarés, ocupou unha máis que meritoria quinta posición en todo un mundial de piragüismo, no que competiron os mellores padexeiros de todo o planeta.

■ José Manuel Sánchez proclamouse campión europeo no mes de xullo en Pontevedra



## O AMC de Oleiros mellor club de Kung Fu de toda España na tempada 2015/2016 ▼

◆ O club Escuelas Deportivas AMC, afincado en Oleiros, colleitou uns extraordinarios resultados deportivos durante a tempada que acaba de rematar que o converteron no mellor club de todo o Estado. No Campionato do Mundo de Wushu –como se denomina oficialmente o Kung Fu– celebrado en Indonesia, André Fandiño obtivo unha máis que meritoria cuarta posición. No Campionato de Europa, celebrado en Rusia, José Manuel Ferreira proclamouse campión de Europa, a parella formada polo propio Ferreira e por Dan Río acadou a medalla de prata e os loitadores Ignacio de la Parra, André Fandiño e Dan Río foron cuartos nas súas respectivas categorías. Ademais, José Manuel Ferreira tamén lle deu un campionato de España ao club oleirense.



■ Monitores e loitadores do club AMC

## Jaime Ares Filloy finaliza unha tempada brillante con seis medallas



■ Jaime Ares reside na parroquia de Liáns

◆ Jaime Ares Filloy, que practica salvamento e socorrismo, colleitou uns resultados increíbles nos campionatos galegos e españois de 2016 que lle permitiron subir ao podio en seis ocasións. No Campionato de España proclamouse campión nas modalidades de rescate con táboa por equipos e relevos sprint por equipos. Ademais, obtivo unha prata en salvamento con tubo de rescate por equipos. No Campionato Galego foi campión de Nadar Surf, prata en mini bandeiras e bronce en carreira con táboa de salvamento.

## O Hóckey Oleiros estréase fóra de Galicia



■ Xogadores, nais e pais do Hóckey Oleiros desprazados a Madrid

◆ Unha importante expedición do Hóckey Oleiros desprazouse a Madrid hai un par de fins de semana para participar no prestixioso Torneo Virgen de Europa. Os equipos oleirenses competiron nas categorías micro, prebenxamín, benxamín e alevín cuns resultados máis que satisfactorios, dada a entidade dos rivais aos que se tiveron que enfrontar. Os rapaces viviron unha experiencia única nun novo paso para continuar asentando este ilusionante proxecto deportivo.

## A traíñeira feminina de Perillo xa é unha realidade

◆ O Club de Regatas Perillo está a poñer en marcha un interesante proxecto deportivo para a formación de remeiras de cara a competir cunha traíñeira en categoría feminina. O equipo aínda se atopa en proceso de aprendizaxe polo que todas aquelas mulleres interesadas en participar poden unirse a este grupo. As interesadas en apuntarse deben dirixirse ao correo electrónico da entidade: crperillo@yahoo.es.

Ademais, o municipio conta na actualidade con outras dúas tripulacións masculinas: a de Perillo e da Mera. Ambos equipos vogarán o vindeiro ano na mesma categoría, na Liga Galega B de traíñeiras que comezará no mes de xuño.



■ As mulleres do Club de Regatas Perillo durante un adestramento



# O proxecto Xeración A Fábrica analiza a situación actual da mocidade no municipio ▶



■ Os resultados do estudo permitirán axustar as políticas de xuventude ás inquedanzas da xente nova

◆ Xeración A Fábrica é o nome co que foi bautizado o estudo que pretende analizar e reflexionar sobre a situación actual da mocidade no Concello de Oleiros. O traballo está baseado na participación dos rapaces e rapazas, creando puntos de encontro nos que poden valorar os servizos e actividades existentes e achegar e debater sobre novas propostas de mellora, facilitando así a coordinación entre os diferentes departamentos municipais que traballan coa xente moza.

Durante o verán fixéronse máis de 600 enquisas nas rúas. Case 300 das persoas entrevistadas apuntáronse a participar no que será o eixe principal do estudo, as asembleas de rapaces e rapazas de entre 14 e 30 anos para debater, reflexionar, opinar e propoñer iniciativas. Paralelamente estanse a facer entrevistas cos diferentes departamentos do Concello, entidades, asociacións municipais e centros de ensino, axentes clave no contorno da mocidade oleirense.

Nas vindeiras semanas continuarase con encontros coa mocidade, todas aquelas persoas que teñan entre 14 e 30 anos e queiran participar poden poñerse en contacto coa Concellería de Xuventude a través do correo electrónico [c.xuventude@oleiros.org](mailto:c.xuventude@oleiros.org).

## Un campamento para nenos e nenas ofrece actividades variadas durante o Nadal ▶

◆ Os nenos e nenas de entre 3 e 11 anos teñen a posibilidade de participar entre os días 26 e 30 de decembro no **Campa Nadal 2016**, unha actividade que se desenvolverá en horario de 9:00 a 14:00 horas. Co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das nais e dos pais, o Concello pon en marcha unha nova edición desta actividade coa que tamén se procura fomentar entre as persoas participantes os hábitos de vida saudables, as habilidades artísticas e os valores positivos.

Neste campamento, os nenos e nenas coñecerán o seu medio natural e sociocultural máis inmediato. O traballo en grupo, a solidariedade, compartir experiencias lúdicas, aumentar os lazos de amizade, desenvolver a súa autonomía, estimular os hábitos saudables e educar na igualdade son os eixos sobre os que se moverá o Campa Nadal 2016.

## Miguel Martínez e Carlos Méndez clasifícanse para o Mundial de Robots

◆ O equipo que dirixe Carlos Méndez -segundo pola esquerda- e no que participa o tamén oleirense Miguel Martínez -primeiro pola esquerda- conseguiu clasificarse para o Mundial de Robots que se celebrará en novembro na India. Os dous robots que deseñaron son capaces de xogar entre si un partido de fútbol de xeito autónomo. O invento recibiu o segundo premio na Olimpíada Española que tivo lugar hai unhas semanas na Rioxa, o que lle outorgou o pase para esa importante cita internacional.



## INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL ▼

### Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros

e recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico. Desde a páxina principal da web municipal, [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), poderás acceder ao formulario de subscrición para darte de alta neste servizo.



## XXVII FEIRA DO MEL

### Tan doce que engaiola

■ O vindeiro domingo 6 de novembro celébrase unha nova edición da Feira do Mel nas inmediacións do Mercado Municipal de Perillo. Unha selección dos mellores apicultores galegos e españois virán a Oleiros a expoñer e vender os seus produtos. Esta feira, única en Galicia, mantén fiel o seu espírito inicial de apoiar un sector produtivo en constante ameaza pola globalización e os novos costumes alimentarios e que ademais, agora mesmo, tamén está a padecer as graves consecuencias da invasión da *avespa velutina*.

◆ A XXVII Feira do Mel contará con máis de 30 postos de venda e exposición. As persoas que se acheguen poderán coñecer e adquirir todo tipo de alimentos e artigos relacionados co mel, desde os máis tradicionais ata os cosméticos. Ademais, a feira ofrece unha programación de actividades moi amenas e dirixidas a todo tipo de públicos.

O recinto abrirá as súas portas ás 10:00 horas e pechará contra as 21:00 horas. A carpa na que se realiza o evento acollerá actuacións de grupos de música e baile popular galego do municipio que animarán a feira durante todo o día. Pola tarde, a partir das 16:30 h, realizaranse actividades de animación infantil dirixidas aos máis cativos. Para pechar haberá música, coa orquestra Os Trovadores, e magosto e queimada gratuíta para todas as persoas asistentes.



## A Banda Orquestra Sinfónica de Oleiros triunfa na Rioxa ▼



■ Imaxe das bandas de Calahorra e Oleiros despois da recepción oficial

◆ O Teatro Ideal de Calahorra acolleu recentemente a actuación da Banda Orquestra Sinfónica de Oleiros, que compartiu escenario coa banda local. A maxistral actuación da banda oleirense tivo unha importante repercusión entre os veciños da localidade e os medios de comunicación da rexión. Ademais do estritamente musical, os integrantes da agrupación tiveron a oportunidade de coñecer unha nova cidade e convivir entre eles de xeito intenso durante unha fin de semana.

## Os obradoiros culturais retoman a súa actividade ▼



◆ Os distintos obradoiros culturais municipais retomaron a súa actividade neste mes de outubro. É o caso da Escola de Artes Plásticas para nenos e nenas, os obradoiros de teatro infantil e xuvenil e o grupo de iniciación ao teatro para persoas adultas. Tamén continúan traballando os alumnos e alumnas do Grupo Estable de teatro, que leva xa varios anos de traxectoria con grande éxito de participación.

No mes de xaneiro comezarán novamente os obradoiros de olería infantil, xuvenil e de adultos. As persoas interesadas en participar poden dirixirse á Fábrica para solicitar información e apuntarse (981 610 000 ou [cultura@oleiros.org](mailto:cultura@oleiros.org)).



# A Hora do conto e Ler conta moito enchen as bibliotecas municipais de actividades infantís

◆ Desde que rematou o verán, a Rede de Bibliotecas Municipais está a ser un fervedoiro de actividades de promoción da lectura dirixidas aos máis pequenos. A programación é moi variada e vai desde os tradicionais contacontos, ata espectáculos de maxia, pasando por experimentos científicos ou obradoiros de ilustración, de encadernación ou mesmo de creación de fósiles de dinosauros. Para participar nas actividades é preciso reservar praza. Pode facerse desde dez días antes en cada unha das bibliotecas ou a través dunha chamada de teléfono.



## As seguintes sesións celebraranse todas no mes de NOVEMBRO

### • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

- ▶ **Día 3** (17:30 horas): OBRADOIRO DE ENCADERNACION "SCRAPBOOKING" con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas maiores de 7 anos.
- ▶ **Día 10** (18:30 horas): CONTO, RECONTO E TIRO UNHA HISTORIA con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 4 anos.
- ▶ **Día 17** (18:30 horas): OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN ÑAM! con **Mirari Urruzola**, para nenos e nenas de 5 a 10 anos.
- ▶ **Día 24** (18:30 horas): CÓXEGAS NO QUEIXO con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 1 a 4 anos.



### • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. Santa Cruz

- ▶ **Día 2** (18:30 horas): UN FEIXE DE HISTORIAS con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 4 anos.
- ▶ **Día 9** (17:30 horas): OBRADOIRO DE ENCADERNACION "SCRAPBOOKING" con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas maiores de 7 anos.
- ▶ **Día 16** (18:30 horas): CREO A MIÑA PROPIA AVENTURA ABISAL con **Virginia Romera e Patricia Saavedra**, para nenos e nenas maiores de 8 anos -presentación do libro Mundo Abisal-.
- ▶ **Día 23** (18:30 horas): AXÓUXERE con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 4 anos.
- ▶ **Día 30** (18:30 horas): CREA FÓSILES DE DINOSAUROS con **Maumarela**, para nenos e nenas de 5 a 10 anos.



### • BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. Mera

- ▶ **Día 11** (18:30 horas): QUE É ISO? con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 4 anos.
- ▶ **Día 25** (18:30 horas): A VOLTA AO MUNDO con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 5 a 10 anos.



### • BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. Dorneda

- ▶ **Día 14** (18:30 horas): CONTOS DE IDA E VOLTA con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 4 anos.
- ▶ **Día 28** (18:30 horas): VIAXE A ÁFRICA con **Trinke Trinke**, para nenos e nenas de 5 a 10 anos.



### • BIBLIOTECA ÁNXEL FOLE. Nós

- ▶ **Día 4** (18:30 horas): NON É UNHA CAIXA con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 1 a 4 anos.
- ▶ **Día 18** (18:30 horas): VIAXE A ÁFRICA con **Trinke Trinke**, para nenos e nenas de 5 a 10 anos.



### • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. Oleiros

- ▶ **Día 15** (18:30 horas): CONTOS PARA CAMBIAR O CONTO: CONTOS DE IGUALDADE con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 3 a 10 anos.
- ▶ **Día 29** (18:30 horas): DE MAIOR QUERO SER...! con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 3 a 10 anos.



### • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. Lorbé

- ▶ **Día 3** (18:30 horas): PAXARIÑOS con **Trinke Trinke**, para nenos e nenas de 3 a 10 anos.
- ▶ **Día 17** (17:30 horas): OBRADOIRO DE ENCADERNACION "SCRAPBOOKING" con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas maiores de 7 anos.



## Outros actos nas bibliotecas:

### TEATRO

Mércores 9 de novembro, ás 20:00 horas,  
na Biblioteca Central Rialeda

- Compañía de teatro **A Panadaría**, coa colaboración de Implicadas no Desenvolvemento

“A VIOLENCIA  
DUN SORRISO”



### PRESENTACIÓN DO LIBRO

Xoves 1 de DECEMBRO, ás 19:00 horas,  
na Biblioteca Rosalía de Castro, en Santa Cruz

- por **Silvia Salgado**

“MIENTRAS HILAN  
LAS MARIPOSAS”



# Espectáculos de calidade para rematar o ano

■ *Música, teatro e cine conforman unha parte importante da oferta cultural do Concello de Oleiros para os últimos meses do ano. O auditorio Gabriel García Márquez, o centro cultural A Fábrica e o teatro das Torres de Santa Cruz albergarán os espectáculos artísticos das vindeiras semanas.*

## Outubro

● **Domingo 30**, ás 20:00 horas  
**Teatro As Torres de Santa Cruz**

A película **Un viaje de diez metros**, do director Lasse Hallström, é unha comedia que xira arredor dunha familia india que se traslada ao sur de Francia. Clement Sibony, Helen Mirren e Om Puri son os protagonistas deste divertido filme producido no Reino Unido no ano 2013.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 26**, ás 20:30 horas  
**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera Ibuprofeno Teatro**, presenta **Raclette**, baixo a dirección de Santiago Cortegoso. Esta obra de teatro contemporáneo presenta dúas tramas que se entrelazan para rematar contando unha historia terrible. Actúan Salvador del Río, Deborah Vukusic, Toni Salgado, Iria Sobrado e Marián Bañobre.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



## Novembro

● **Sábado 5**, ás 20:30 horas  
**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

A compañía **IT-eatro** presenta o seu espectáculo **Facendo as partixas**, dirixido por Alejandro Albaiceta. Trátase dunha adaptación da obra "Hay que deshacer la casa", de Sebastián Junyent. Nanda Tasende e Tatiana Mouro forman o elenco principal de actrices que participan neste drama.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



## Decembro

● **Domingo 18**, ás 19:30 horas  
**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Concerto de Nadal das corais municipais** é un clásico das festas. Como todos os anos por esas datas, o Concello de Oleiros organiza unha xuntanza na que participen todas as corais do municipio, co fin de intercambiar impresións e felicitarnos o Aninovo.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala*



● **Domingo 6**, ás 20:00 horas  
**Centro cultural A Fábrica, Perillo**

A **Agrupación Musical Albéniz** presenta os seu espectáculo **Invitación a unha viaxe sonora**. O recitador Pedro Ramos e un cuarteto da Orquestra da Agrupación Musical Albéniz interpretarán poemas orixinais de Rafael Alberti e música de diversos autores.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



● **Mércores 28**, ás 18:00 horas  
**Centro Cultural A Fábrica, Perillo**

A compañía **Caramuxo Teatro**, presenta **Pavillón Lino**, no que participan Laura Sarasola, Juan Rodríguez e Xosé Vilarelle. Esta comedia, dirixida a toda a familia, nace para homenaxear o desaparecido Pavillón Lino da Coruña, un espazo cultural con todo tipo de actividades artísticas.


■ *As entradas poñeranse á venda ás 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Venres 11**, ás 20:30 horas  
**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Boneca Lareta**, presenta o seu espectáculo **Filosofando**, escrito e dirixido por Diego Rey. Os actores Luís Iglesia e Xabier Deive suben ao escenario nesta comedia musical para reflexionar sobre unha cuestión simple, sinxela e mundana que lle acontece a todas as persoas: a existencia!

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Xoves 29**, ás 18:00 horas  
**Centro cultural A Fábrica, Perillo**

A compañía **Baobab Teatro**, presenta **Luppo**, dirixido por Óscar Ferreira e Andrea Bayer e que conta coa participación da propia Bayer e de Xosé Manuel Esperante. Luppo recrea a historia dun home maior e dun neno que se chegan a facerse amigos.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 19**, ás 20:30 horas  
**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Eme2 Producións**, presenta a obra **Get Back**, que dirixe Jorge Coira. A historia transcorre nun vagón do metro de Londres onde coinciden cinco persoas que descoñecen todo o que teñen en común. Afonso Agra, Federico Pérez e Tamara Canosa, entre outros, forman o elenco desta comedia.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Venres 30**, ás 18:00 horas  
**Centro Cultural A Fábrica, Perillo**

**Tanxarina Títeres** representa **A casa do avó**, escrita e dirixida por Cándido Pazó. Unha historia con pequenas e divertidas aventuras cómicas e poéticas que remata cun final feliz e na que se realiza un xogo permanente entre bonecos, escenografías e actores.

■ *As entradas poñeranse á venda ás 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.*



## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

### ***N-VI: caos e perigos***

Os numerosos problemas que levamos anos denunciando na N-VI ao seu paso por Perillo estanse incrementando ultimamente debido aos continuos fallos dos semáforos. Vivimos situacións de caos importante nun cruce, o de Sol y Mar, pola que pasamos milleiros de condutores todos os días. Os fallos dos semáforos tamén supoñen un perigo moi importante para toda a veciñanza, que se ve obrigada a arriscar a súa vida para poder cruzar a estrada.

Temos detectado que os semáforos están a fallar un par de veces ao mes. Se a iso lle engadimos a importantísima función que levan a cabo, tanto para o tráfico de vehículos como para a seguridade das persoas, cremos que a administración competente, que neste caso é o Ministerio de Fomento, xa está tardando demasiado en non tomar medidas. Queremos lembrar que esta é unha zona urbana e o Ministerio debería tratala de xeito prioritario.

De paso, deberían revisar tamén a pintura dos pasos de peóns do cruce de Sol y Mar. Son moi esvaradíños e teñen provocado varias caídas.

***Asociación de veciños A RÍA (Perillo)***

### ***O príncipe caído***

Pedro Sánchez, como nos ilustra Maquiavelo na súa obra "O Príncipe", é un exemplo de líder capaz de alcanzar o poder, pero incapaz de mantelo.

Un 13 de xullo de 2014, tras a marcha de Alfredo Pérez Rubalcaba, levouse a cabo a votación para elixir o secretario xeral do PSOE. Foi elixido pola militancia, e como Maquiavelo nos indica na súa obra: un Principado Civil (PSOE) debe gobernarse co apoio do pobo e non co dos magnates. Por desgraza isto non é de todo certo, a Sánchez votouno a militancia, pero quen o mostrou ao gran público non foron outros que os baróns con máis poder. Cando un príncipe está rodeado de poderosos, tanto a presión como o coñecemento que estes posúen, fan que o soberano actúe conforme aos seus intereses. Porén, Sánchez plantoulles cara, aínda que demasiado tarde.

Non soubo cando iniciar o combate, preferiu evitar a guerra e retrasala, provocándolle unha clara desvantaxe. No soubo manter os seus súbditos unidos e leais,

xa que non se atreveu a realizar algunha que outra condena exemplar ao comezo do seu mandato (se as fixo despois, xerando un odio incompatible co mantemento do poder). Non mostrou a suficiente estima aos grandes nobres, e aínda así xerou a desaprobación do pobo.

En definitiva, como César Borgia, mostrou incapacidade á hora de xestionar o principado, aínda conseguindo a súa meta de goberno.

***Kelvin Pereiro Gadaleta (Santa Cruz)***

### ***Un cambio imparabile***

O día 2 de outubro entraron en vigor as leis 39/2015 e 40/2015 que regulan o procedemento administrativo e o sector público, cuxa principal novidade é a implantación definitiva da Administración electrónica.

A aplicación destas normas modifica absolutamente a relación das persoas coas administracións públicas, pero iso non pode supoñer un cambio na relación humana coas persoas administradas, especialmente no ámbito da Administración local.

A veciñanza ten que seguir sendo o esencial, aínda máis se cabe; o fundamento da Administración electrónica debe ser a racionalización dos trámites administrativos, a redución das cargas burocráticas e dos custos á cidadanía na súa relación coas administracións públicas, e non levantar unha barreira entre as persoas e os servidores públicos, que deberán ser aínda máis pacientes e comprensivos ante unha transformación tecnolóxica para a que a maioría da poboación non está preparada; nin tampouco entre a veciñanza e os seus representantes, que non me cabe dúbida, seguirán atendendo as necesidades e as demandas máis domésticas e por iso, seguramente, as que máis impacto teñen na vida diaria das persoas. Antes ben, estas leis contemplan instrumentos de participación cidadá na elaboración das normas, de información e transparencia na xestión pública, que ben utilizadas, deberían contribuir a depurar e controlar a función pública e a democratizar a función lexislativa e normativa dos poderes públicos.

O cambio tecnolóxico é imparabile e debe encamiñarse á racionalización e optimización dos recursos, tendo como obxectivo un maior benestar das persoas, as cales

deben beneficiarse de todas estas transformacións e non converterse nas súas vítimas.

***M.J.S.Z. (Liáns)***

### ***O Tralado ben feito***

A crise en xeral e a política en particular están a evidenciar unha enorme perda dos valores daqueles que, suponse, son os responsables. A vergoña que estamos a padecer os cidadáns e cidadás que acudimos ás urnas, por dúas veces, para exercer o noso dereito democrático de escoller os nosos representantes no Parlamento e a incapacidade de poñerse de acordo para gobernar o país é tan grande (vamos camiño dunha terceira convocatoria), que merecen a nosa reprobación de todos eles. Xente sen escrúpulos, auténticos vividores da política, campan ás súas anchas sen importarlles un carallo o estado anímico que estamos a padecer pola corrupción e mala dirección na xestión. Política de partido, non de Estado, e a preocupación deles.

A desconfianza dos votantes provoca tal desconcerto que, a maioría do PP nas autonómicas de Galiza ou a sabotaxe interna do PSOE, son exemplos evidentes deses votos, polo menos, sorprendentes. Aquí en Oleiros parece que as cousas acontecen doutro xeito. O traballo ben feito desde a democracia polos gobernos progresistas dos veciños e veciñas permitiron avanzar como en ningún outro concello. Tres plans xerais de ordenación urbana aválanos con maiorías simples ou absolutas, o mesmo deus, pois sempre se soubo negociar coa oposición a excepción do PP, cuxa liña converxe lamentablemente, a non se sabe onde pero en contra do interese xeral.

Ata hai pouco, no plano deportivo, había unha precariedade nos campos de fútbol que na actualidade se está levando a cabo, cumprindo outra promesa do programa electoral. No derradeiro Pleno, xa se pedía a mellora da iluminación deles e iso é bo pois é recoñecer que as cousas van polo camiño axeitado.

Para rematar, unha cousa si está clara: cando a poboación do noso concello acode a votar non teñen dúbida e saben escoller os seus gobernantes. Só hai que ser honrados e poñer a funcionar as ideas de todos e todas.

***R.L.C. Montrove (Liáns)***

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	16 outubro / 14 novembro / 14 decembro
<b>Mingua</b>	22 outubro / 21 novembro / 21 decembro
<b>Nova</b>	30 outubro / 29 novembro / 29 decembro
<b>Medra</b>	9 outubro / 7 novembro / 7 decembro

**Transportes**

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

**Horarios Cal Pita**

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

<b>1 &gt; A Coruña &gt; Fonteculler &gt; O Burgo &gt; San Pedro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados <b>Ida</b> 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest <b>Ida</b> 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7:30 a 22:30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 7:05 a 22:05 cada hora. <b>Volta</b> 7:35 a 22:35 cada hora Sábados <b>Ida</b> 8:05 a 20:05 cada hora. <b>Volta</b> 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 10:05 a 20:05 cada hora. <b>Volta</b> 10:35 a 20:35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 7:05. <b>Volta</b> 7:30 Sábados <b>Ida</b> 8:05 ■ 14:05. <b>Volta</b> 8:30 ■ 14:30 Dom+fest <b>Ida</b> 10:05 ■ 14:05. <b>Volta</b> 10:30 ■ 14:30
<b>2b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Pousada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 16:05. <b>Volta</b> 16:35 Sábados <b>Ida</b> 16:05 ■ 19:05. <b>Volta</b> 16:35 ■ 19:35 Dom+fest <b>Ida</b> 16:05 ■ 19:05. <b>Volta</b> 16:35 ■ 19:35
<b>3 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Nos &gt; O Carballo &gt; Oleiros &gt; Sada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. <b>Volta</b> 6:55 a 21:55 cada hora Sábados <b>Ida</b> 6:55 a 20:55 cada 2 horas. <b>Volta</b> 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest <b>Ida</b> 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. <b>Volta</b> 9:55 a 21:55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Sada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:25 a 21:25 cada hora. <b>Volta</b> 6:25 a 21:25 cada hora Sábados <b>Ida</b> 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. <b>Volta</b> 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. <b>Volta</b> 8:25 a 21:25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. <b>Volta</b> 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados <b>Ida</b> 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. <b>Volta</b> 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 9:40 a 20:40 cada hora. <b>Volta</b> 10:10 a 21:10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 <b>Volta</b> a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> a Soñeiro 13:10. <b>Volta</b> de Soñeiro 13:50 Sábados <b>Ida</b> a Oleiros 11 ■ 21:10. <b>Volta</b> de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest <b>Ida</b> a Oleiros 10:20 e 13:10. <b>Volta</b> de Oleiros 10:45 ■ 13:35
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &lt;</b>	Sábados+dom+fest <b>Ida</b> 10 a 21 cada hora <b>Volta</b> 10:30 a 21:30 cada hora
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cristina &lt;</b>	Luns a domingos <b>Ida</b> 10:20 a 20:20 cada hora <b>Volta</b> 10:50 a 20:50 cada hora



**35.372 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 21 de outubro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.355
DORNEDA (San Martiño)	3.461
IÑÁS (San Xurxo)	1.209
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.292
MAIANCA (San Cosme)	1.370
NÓS (San Pedro)	4.748
OLEIROS (Santa María)	2.962
PERILLO (Santa Leocadia)	8.409
SERANTES (San Xulián)	1.566
<b>TOTAL</b>	<b>35.372</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

<ul style="list-style-type: none"> <li>JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165</li> </ul>	Do 21 ao 27 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> <li>LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)</li> </ul>	Do 28 de outubro ao 3 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027</li> </ul>	Do 4 ao 10 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937</li> </ul>	Do 11 ao 17 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)</li> </ul>	Do 18 ao 24 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890</li> </ul>	Do 25 de novembro ao 1 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503</li> </ul>	Do 2 ao 8 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440</li> </ul>	Do 9 ao 15 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184</li> </ul>	Do 16 ao 22 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845</li> </ul>	Do 23 ao 29 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932</li> </ul>	Do 30 ao 31 de decembro

## O pazo hotel de Xaz abrirá na primavera

• *Formará parte da prestixiosa rede Relais & Chateaux*



◆ O pazo de Xaz está sendo reformado para adaptalo ao uso de hotel dentro do ámbito do campo de golf. Parte das instalacións anexas ao edificio serán, precisamente, a sede do campo de golf. As obras atópanse xa moi adiantadas polo que se prevé que as renovadas instalacións comecen a prestar servizo na próxima primavera. Os propietarios do pazo-hotel incluírán a instalación na rede Relais & Châteaux, formada polos mellores hoteis e restaurantes do mundo.

A superficie afectada pola Plan parcial de Xaz abrangue unha área de 1.100.000 metros cadrados dos que o Concello de Oleiros pasará a ser propietario de máis de 300.000, que se destinarán a zonas verdes e equipamentos sociais e deportivos. A administración local tamén terá o 10% do solo das futuras vivendas. Antes de que remate o ano iniciaránse os traballos de urbanización de todo o ámbito do Plan parcial da urbanización de Xaz e a construción do campo de golf.

